

061, ADOS, ACIS, Galaria ...

O SERGAS volve deixar fora da Instrución da Mesa Sectorial, sobre a aplicación do Acordo do 20 de abril, ás entidades adscritas á Consellería (061, ADOS, ACIS, Galaria...)

Na Mesa Sectorial de hoxe, 7 de novembro de 2024, no relativo á instrución de aplicación de redución de xornada do acordo de 20 de abril o SERGAS NÉGASE a incluír ao persoal estatutario destas entidades.

O acordo de 20 de abril é claramente de aplicación a este persoal e, pese que as instrucións están relacionadas co desenvolvemento deste acordo, a Dirección de RRHH do SERGAS **négase a que figuren expresamente na instrución.**

CIG-Saúde seguirá defendendo que os/as profesionais que traballan nestas entidades **teñen dereito a que se lles apliquen os acordos de Mesa Sectorial**, e por iso, deben figurar de xeito expreso nestes para que non existan diferentes interpretacións na súa aplicación!!

